

DESTINATARIO:
MESA DE CONTRATACIÓN**ASUNTO:**

VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS (SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”) PARA A CONTRATACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS DE:

HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA**INFORME:**

A mesa de contratación celebrada o pasado 01 de decembro realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación das obras de referencia, dando traslado da documentación presentada no sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” para a súa avaliación por parte dos servizos técnicos do servizo xestor do expediente. De acordo coa acta da mesa de contratación foron admitidas as ofertas das empresas que se indican a continuación:

- | | |
|---|--|
| 1. Construccións, Obras e Viais, S.A. | 9. Copcisa, S.A. |
| 2. Oresa, S.L. | 10. Prace, Servicios y Obras, S.A. |
| 3. Civisglobal | 11. Narom, S.L. |
| 4. Oresco, S.A. | 12. Construcciones Orega, S.L. |
| 5. Construcciones Ramírez, S.L. | 13. Inntis Ingenieros Constructores, S.L. |
| 6. ACEVI, S.L. Actividades de
Construcción, Edificación y Viales, S.L. | 14. Construcciones Fechi, S.L.U. |
| 7. Xestión Ambiental de Contratas, S.L. | 15. Canalis, Soluciones Tecnológicas, S.L. |
| 8. Emergis Construcción, S.L. | 16. Construcciones Castro Figueiro, S.L.U. |

A valoración das ofertas realizarase de acordo co establecido no apartado 8.A., das FEC, no cal se indican os criterios para a avaliación mediante xuízo de valor así como as regras de puntuación.

De acordo co recollido nos apartados 7.A, e 8.A., das FEC, para a avaliación das ofertas presentadas polos licitadores no “sobre B” o presente informe atenderá os seguintes criterios:

A.- REVISIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESTABLECIDOS NO APARTADO 7.A DAS FEC, SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”.

A revisión da documentación presentada por cada licitador no sobre “B”, atopase indicada no cadro anexo I. Nesta cadro se recolle o resultado da revisión da citada documentación, indicando para cada un dos tres apartados a avaliar (a.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra, b.- Plan de control de calidade, e c.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais), as incidencias en relación a non cumprir ditos requisitos no referente a extensión da documentación presentada e o peso dos arquivos presentados.

Según se recolle no apartado 8.A. das FEC, cando a documentación relativa aos citados apartados presentada, *non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, ou do nº de follas máximas fixadas*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/12/2015 13:49

Páxina 1 de 10

Expediente 3468/440

Código de verificación: 2DE83-2E3EB-8E552-E5DBD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Expte. 3468/440

para o criterio, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ó mesmo. Dito aspecto queda indicado na TÁBOA ANEXO I.

B.- AVALIACIÓN TÉCNICA E PUNTUACIÓN SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”.

A avaliación da documentación presentada por cada licitador atopase recollida na TÁBOA ANEXO I, indicando para os diferentes apartados a avaliar de acordo co estipulado nos apartados 7.A. e 8.A. das FEC as puntuacións obtidas a xuízo de valor dos técnicos que subscriben, aplicando as regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC, que se transcriben a continuación:

1. *Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada criterio as propostas que desenvolvan cun alto grado de detalle a funcionalidade e requisitos esixidos en cada un dos criterios obxecto de avaliación os cales deberán conter unha representación gráfica adecuada.*
2. *Descontarase un 30 % da puntuación máxima prevista para o criterio, as propostas que non conteñan un desenvolvemento detallado dos apartados incluídos no mesmo. Esta valoración poderá ser minorada cun 15 % da puntuación máxima do criterio, por cada un dos apartados incluídos no mesmo e non desenvolvidos, ou no caso de que a súa xustificación non se adecue o obxecto do criterio a avaliar. Estes descontos serán acumulativos, no entanto, non poderá descontarse máis que a puntuación máxima previstas para o criterio a avaliar.*
3. *A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando as propostas conteñan aspectos contraditorios internos tanto en relación o contido do criterio como en relación co proxecto, ou ben non recollan ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra.*

B.1.- VALORACIÓN DA MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: (apartado 8.A.1, das FEC). Este criterio terá unha valoración máxima de 15,00 puntos e será realizada tendo en conta os apartados e puntuación recollidos nas FEC:

B.1.1.- Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: Se valorará con ata **5,00 puntos**. Según se recolle literalmente no apartado 7.A.1.a) das FEC deberá incluír:

- **Aspectos** que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra describindo as **actividades importantes** da execución da mesma.
- **Condicionantes** definidos no proxecto.
- **Determinación do grado de incidencia dos condicionantes** especificados nos apartados anteriores en relación a execución da obra.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC o sinalado en negrita, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, do seguinte modo:

- Outorgarase a máxima puntuación (5 puntos) as propostas que presentan cun alto grado de detalle descrición adecuada do proxecto a executar, con análise dos aspectos que inciden no desenvolvemento do obxecto da obra, das actividades importantes da execución da mesma, dos condicionantes e do grado de incidencia destes na execución da obra, con representación gráfica adecuada.
- Descontarase un 30 % da puntuación máxima (1,5 puntos) as propostas que non conteñan un desenvolvemento detallado, no referente a presentación de información gráfica adecuada e suficiente das



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/12/2015 13:49

Páxina 2 de 10

Expediente 3468/440

Código de verificación: 2DE83-2E3EB-8E552-E5DBD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Expte. 3468/440

actuacións a levar a cabo, mediante planos das actuacións a executar, esquemas ou croquis. Indícase na TÁBOA ANEXO I na columna **DESENV. DETALL.** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,75 puntos) as propostas que non desenvolven convenientemente os aspectos principais do proxecto que inciden no desenvolvemento do obxecto da obra (actuacións de pavimentación, saneamento, abastecemento, alumado, rego, sinalización mobiliario urbano). Indícase na TÁBOA ANEXO I na columna **ANÁLISE ASPECTOS** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,75 puntos) as propostas que non describen convenientemente as actividades importantes da execución da obra (pavimentación, alumado, rego, sinalización e mobiliario urbano). Indícase na TÁBOA ANEXO I na columna **ACTIVIDA. IMPORT.** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,75 puntos) as propostas que non desenvolven adecuadamente os condicionantes definidos no proxecto, destacando como máis importante a afección arqueolóxica no ámbito da obra. Indícase na TÁBOA ANEXO I na columna **CONDIC. PROXECTO** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,75 puntos) as propostas que non desenvolven o grado de incidencia dos condicionantes na execución da obra. Indícase na TÁBOA ANEXO I na columna **GRADO INCID. COND.** os licitadores aos que se lle desconta.

- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando as propostas conteñan aspectos contraditorios internos tanto en relación co contido do criterio como en relación co proxecto, ou ben non recollan ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra. Indícase na TÁBOA ANEXO I nas columnas B.1.1. a xustificación da puntuación nula mediante a explicación se é que presenta aspectos contraditorios e cales ou se ben non presenta ningunha aportación respecto aos aspectos valorables.

Indícase nas columnas B.1.1. da TÁBOA ANEXO I a este informe, para cada un dos aspectos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor dos técnicos que subscriben o mesmo. Esta minoración será acumulativa según se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

B.1.2.- Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: Se valorará con ata **5,00 puntos**. Según se recolle literalmente no apartado 7.A.1.b) das FEC deberá incluír:

➤ *As afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatolóxicos, usos específicos do entorno).*

➤ *As medidas que permitan **simultanear** a obra coas actividades cotiás do entorno. Ditos aspectos recollense no proxecto de maneira indicativa, polo cal deben detallarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.*

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC o sinalado en negrita, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, do seguinte modo:

- Outorgarase a máxima puntuación (5 puntos) as propostas que presentan cun alto grado de detalle un correcto análise do ámbito de actuación e dos procesos de implantación de medios, das afeccións dos condicionantes externos e das medidas para simultanear a obra coas actividades cotiás do entorno, con representación gráfica adecuada.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/12/2015 13:49

Páxina 3 de 10

Expediente 3468/440

Código de verificación: 2DE83-2E3EB-8E552-E5DBD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Expte. 3468/440

- Descontarase un 30 % da puntuación máxima (1,5 puntos) as propostas que non conteñan un desenvolvemento detallado, no referente a presentación gráfica adecuada e suficiente do ámbito de actuación con análise das afeccións e medidas, mediante fotos, esquemas ou croquis. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **DESENV. DETALL.** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,75 puntos) as propostas que non desenvolven convenientemente as afeccións de tráfico no entorno e a consecuente implantación para garantir o correcto desenvolvemento neste sentido. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **AFEC. TRÁFICO** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,75 puntos) as propostas que non desenvolven convenientemente as afeccións dos condicionantes climatolóxicos na execución das unidades de obra, Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **AFEC. CLIMATOLÓX.** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,75 puntos) as propostas que non desenvolven convenientemente as afeccións dos usos específicos do entorno (como a existencia dun colexio e centro social no ámbito) e a consecuente implantación da obra para garantir o correcto desenvolvemento das actividades asociadas. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **AFEC. USOS ENTORNO** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,75 puntos) as propostas que non desenvolven convenientemente as medidas que permitan simultanear a obra coas actividades cotiás do entorno (ubicación de campamento de obra, valados, desvíos, fases de obra...). Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **COMPAT. ACTIV. ENTORNO** os licitadores aos que se lle desconta.

- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando as propostas conteñan aspectos contraditorios internos tanto en relación o contido do criterio como en relación co proxecto, ou ben non recollan ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra. Indicase na TÁBOA ANEXO I nas columnas B.1.2. a xustificación da puntuación nula mediante a explicación se é que presenta aspectos contraditorios e cales ou se ben non presenta ningunha aportación respecto aos aspectos valorables.

Indicase nas columnas B.1.2. da TÁBOA ANEXO I a este informe, para cada un dos aspectos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor dos técnicos que subscriben o mesmo. Está minoración será acumulativa según se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

B.1.3.- Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra: Se valorará con ata **5,00 puntos**. Según se recolle literalmente no apartado 7.A.1.c) das FEC deberá incluír:

➤ *A planificación da obra en relación a determinación dos **medios necesarios** para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais, con expresión dos seus **rendementos** medios.*

➤ *A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos. Deberá acompañarse coa **representación gráfica** adecuada **temporalmente** a peculiaridade da obra, co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os **camiños críticos**.*

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC o sinalado en negrita, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, do seguinte modo:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/12/2015 13:49

Páxina 4 de 10

Expediente 3468/440

Código de verificación: 2DE83-2E3EB-8E552-E5DBD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3468/440

- Outorgarase a máxima puntuación (5 puntos) as propostas que presentan cun alto grado de detalle unha planificación da obra adecuada e cos medios necesarios e a xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos, con representación gráfica adecuada.
- Descontarase un 30 % da puntuación máxima (1,5 puntos) as propostas que non conteñan un desenvolvemento detallado, no referente a indicación concreta da planificación da obra nas súas diferentes fases de obra. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **DESENV. DETALL.** os licitadores aos que se lle desconta.
- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,75 puntos) as propostas que non desenvolven correctamente unha proposta de planificación dos equipos materiais e humanos adscritos a mesma e a súa xustificación mediante táboas resumen destes. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **RECURSOS MAT. E HUMANOS** os licitadores aos que se lle desconta.
- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,75 puntos) as propostas que non desenvolven adecuadamente o rendemento das diferentes unidades de obra e a súa xustificación. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **REND. UNIDADES** os licitadores aos que se lle desconta.
- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,75 puntos) as propostas que non presentan representación gráfica da planificación coherente e adecuada mediante diagrama de Gant ou similar. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **DIAG. GANT** os licitadores aos que se lle desconta.
- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,75 puntos) as propostas que non presente xustificación da coherencia da planificación con especificacións detalladas do camiño crítico en gráfico independente e acorde ao desenrolo da obra. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **CAMIÑO CRÍTICO** os licitadores aos que se lle desconta.
- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando as propostas conteñan aspectos contraditorios internos tanto en relación o contido do criterio como en relación co proxecto, ou ben non recollan ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra. Indicase na TÁBOA ANEXO I nas columnas B.1.3. a xustificación da puntuación nula mediante a explicación se é que presenta aspectos contraditorios e cales ou se ben non presenta ningunha aportación respecto aos aspectos valorables.

Indicase nas columnas B.1.3. da TÁBOA ANEXO I a este informe, para cada un dos aspectos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor do técnicos que subscriben o mesmo. Está minoración será acumulativa según se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

B.2.- VALORACIÓN DO PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: (apartado 8.A.2, das FEC). Este criterio terá unha valoración máxima de 3,00 puntos e será realizada tendo en conta os apartados e puntuación recollidos nas FEC:

B.2.1.- Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: Se valorará con ata **2,00 puntos**. Según se recolle literalmente no apartado 7.A.2.a) das FEC deberá incluír:

- *As medidas que propón o licitador para controlar e garantir a **calidade dos traballos** a executar.*
- *Plan específico de control de calidade no cal se indique a **diversidade dos ensaios** de control de calidade a executar, identificando as unidades de obra a controlar durante a súa execución.*





Expte. 3468/440

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC o sinalado en negrita, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, do seguinte modo:

- Outorgarase a máxima puntuación (2 puntos) as propostas que presentan cun alto grado de detalle medidas correctas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar e a definición dun plan específico adecuado e modulado a obra a executar, con diversidade de ensaios e especificacións concretas dos diferentes ensaios.

- Descontarase un 30 % da puntuación máxima (0,6 puntos) as propostas que non conteñan un desenvolvemento detallado, no referente a inclusión na oferta de indicacións concretas dos ensaios de control de calidade e unidades a levar a cabo e indicacións concretas de diferentes medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **DESENV. DETALL.** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,3 puntos) as propostas que non presentan plan de ensaio con diversidade dos ensaios a maiores dos contemplados en proxecto para as diferentes actuacións a realizar na obra: pavimentación, saneamento, abastecemento, alumeado, rego, sinalización e mobiliario urbano. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **DIVERSID. ENSAIOS** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,3 puntos) as propostas que non desenvolven medidas adecuadas para garantir a calidade dos traballos a executar. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **MEDIDAS CALIDADE TRABALLOS** os licitadores aos que se lle desconta.

- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando as propostas conteñan aspectos contraditorios internos tanto en relación o contido do criterio como en relación co proxecto, ou ben non recollan ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra. Indicase na TÁBOA ANEXO I nas columnas B.2.1. a xustificación da puntuación nula mediante a explicación se é que presenta aspectos contraditorios e cales ou se ben non presenta ningunha aportación respecto aos aspectos valorables.

Indicase nas columnas B.2.1. da TÁBOA ANEXO I a este informe, para cada un dos aspectos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor dos técnicos que subscriben o mesmo. Está minoración será acumulativa según se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

B.2.2.- Plan de auto control interno da empresa: Se valorará con ata **1,00 punto**. Según se recolle literalmente no apartado 7.A.2.b) das FEC deberá incluir:

- **Plan de autocontrol interno** da empresa en aqueles procesos **relacionados** directamente coa execución do obxecto da obra.
- **Organización** dedicada ao control de calidade.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC o sinalado en negrita, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, do seguinte modo:

- Outorgarase a máxima puntuación (1 punto) as propostas que presentan cun alto grado de detalle a definición adecuada e modulada dun plan específico de autocontrol interno e a organización dedicada ao control de calidade da obra.

- Descontarase un 30 % da puntuación máxima (0,3 puntos) as propostas que non conteñan un desenvolvemento detallado, no referente a incluír indicacións concretas da organización dedicada ao



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/12/2015 13:49

Páxina 6 de 10

Expediente 3468/440

Código de verificación: 2DE83-2E3EB-8E552-E5DBD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Expte. 3468/440

control de calidade e o desenrolo detallado dun plan de autocontrol interno da empresa. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **DESENV. DETALL.** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,15 puntos) as propostas que non desenvolven e describen adecuadamente un plan de autocontrol interno da empresa nos procesos relacionados directamente coa execución da obra: pavimentación, saneamento, abastecemento, alumado, rego, sinalización e mobiliario urbano. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **PLAN RELACION.** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,15 puntos) as propostas que non desenvolven unha adecuada organización dedicada ao control de calidade, con asignación directa aos postos definidos e as súas funcións. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **ORGANIZACIÓN** os licitadores aos que se lle desconta.

- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando as propostas conteñan aspectos contraditorios internos tanto en relación o contido do criterio como en relación co proxecto, ou ben non recollan ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra. Indicase na TÁBOA ANEXO I nas columnas B.2.2. a xustificación da puntuación nula mediante a explicación se é que presenta aspectos contraditorios e cales ou se ben non presenta ningunha aportación respecto aos aspectos valorables.

Indicase nas columnas B.2.2. da TÁBOA ANEXO I a este informe, para cada un dos aspectos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor dos técnicos que subscriben o mesmo. Está minoración será acumulativa según se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

B.3.- VALORACIÓN DO PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS: (apartado 8.A.3, das FEC). Este criterio terá unha valoración máxima de 2,00 puntos será realizada tendo en conta os apartados e puntuación recollidos nas FEC:

B.3.1.- Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: Se valorará con ata **1,00 punto**.

Tendo en conta o enunciado recollido nas FEC, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, do seguinte modo:

- Outorgarase a máxima puntuación (1 punto) as propostas que presentan cun alto grado de detalle a definición concreta e adecuada de medidas das boas prácticas na execución da obra, acordos e específicas para esta obra, que permitan reducir o consumo enerxético e de materias primas.

- Descontarase un 30 % da puntuación máxima (0,3 puntos) as propostas que non conteñan un desenvolvemento detallado, no referente a incluír medidas que permitan reducir o consumo enerxético ou de materias primas. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **DESENV. DETALL.** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,15 puntos) as propostas que non adaptan as medidas as peculiaridades da obra e unicamente presenta medidas xenéricas. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **PECULIARI. OBRA** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,15 puntos) as propostas que non desenvolven boas prácticas concretas para a redución do consumo enerxético. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **REDUC. CONSUMO ENERX.** os licitadores aos que se lle desconta.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/12/2015 13:49

Páxina 7 de 10

Expediente 3468/440

Código de verificación: 2DE83-2E3EB-8E552-E5DBD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3468/440

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,15 puntos) as propostas que non desenvolven boas prácticas concretas para a redución de materias primas. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **REDUC. MATERIAS PRIMAS** os licitadores aos que se lle desconta.

- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando as propostas conteñan aspectos contraditorios internos tanto en relación o contido do criterio como en relación co proxecto, ou ben non recollan ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra. Indicase na TÁBOA ANEXO I nas columnas B.3.1. a xustificación da puntuación nula mediante a explicación se é que presenta aspectos contraditorios e cales ou se ben non presenta ningunha aportación respecto aos aspectos valorables.

Indicase nas columnas B.3.1. da TÁBOA ANEXO I a este informe, para cada un dos aspectos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor dos técnicos que subscriben o mesmo. Está minoración será acumulativa según se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

B.3.2.- Memoria descriptiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado. Se valorará con ata **1,00 punto**.

Tendo en conta o enunciado recollido nas FEC, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, do seguinte modo:

- Outorgarase a máxima puntuación (1 punto) as propostas que presentan cun alto grado de detalle a definición concreta e adecuada das actuacións, acordes a e específicas para esta obra, que permitan reducir as emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado.

- Descontarase un 30 % da puntuación máxima (0,3 puntos) as propostas que non conteñan un desenvolvemento detallado, no referente a incluír medidas que permitan reducir as emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **DESENV. DETALL.** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,15 puntos) as propostas que non adapten as medidas as peculiaridades da obra e unicamente presenta medidas xenéricas. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **PECULIARI. OBRA** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,15 puntos) as propostas que non desenvolven actuacións concretas para a redución das emisións contaminantes a atmosfera. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **REDUC. EMISIÓNES CONTAMIN.** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,15 puntos) as propostas que non desenvolven actuacións concretas para a recollida selectiva de residuos. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **RECOLL. SELECT. RESIDUOS** os licitadores aos que se lle desconta.

- Descontarase un 15 % da puntuación máxima (0,15 puntos) as propostas que non desenvolven os procesos concretos de reciclado. Indicase na TÁBOA ANEXO I na columna **PROCESOS RECICLADO** os licitadores aos que se lle desconta.

- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando as propostas conteñan aspectos contraditorios internos tanto en relación o contido do criterio como en relación co proxecto, ou ben non recollan ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra. Indicase na TÁBOA ANEXO I nas columnas B.3.2. a xustificación da puntuación nula mediante a explicación se é que presenta aspectos contraditorios e cales ou se ben non presenta ningunha aportación respecto aos aspectos valorables.



Expte. 3468/440

Indicase nas columnas B.3.2. da TÁBOA ANEXO I a este informe, para cada un dos aspectos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor dos técnicos que subscriben o mesmo. Está minoración será acumulativa según se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

C.- CADRO RESUMEN DA AVALIACIÓN DOS CRITERIOS POR XUIZO DE VALOR:

De acordo cos aspectos indicados no presente informe, se emite a TÁBOA ANEXO I , que se adxunta ao presente informe, onde se detalla a valoración realizada para cada unha das empresas licitadoras.

Do citado anexo, desprendese como resumen os seguintes datos de avaliación dos criterios por xuízo de valor das ofertas presentadas (sobre b “proposición avaliable mediante xuízo de valor”) para a contratación polo procedemento aberto das obras de:

HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA

TÁBOA RESUME:

LICITADOR	Total puntuación B.1	Total puntuación B.2	Total puntuación B.3	Puntuación total criterios de valor
COVSA	12	2,55	1,55	16,1
ORESA	9,75	2,4	1,55	13,7
CIVISGLOBAL	13,5	2,55	1,7	17,75
ORECO	12,75	2,7	1,7	17,15
RAMIREZ	14,25	2,55	1,25	18,05
ACEVI	10,5	2,25	1,4	14,15
XESTIÓN AMBIENTAL	13,5	2,85	1,55	17,9
EMERGIS	9	3	1,1	13,1
COPCISA	10,5	2,4	1,7	14,6
PRACE	12	2,55	1,7	16,25
NAROM	8,25	2,7	1,25	12,2
OREGA	11,25	2,7	1,7	15,65
INNTIS	11,25	2,4	0,95	14,6
FECHI	3,25	2,4	0,95	6,6
CANALIS	6,75	1,5	0,95	9,2
CASTRO	0	0	0,95	0,95



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/12/2015 13:49

Páxina 9 de 10

Expediente 3468/440

Código de verificación: 2DE83-2E3EB-8E552-E5DBD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3468/440

Do presente informe dáselle traslado a Mesa de contratación para que a vista de este e en virtude das súas competencias proceda a continuación do expediente ou solicite novos informes técnicos según considere oportuno.

JC/ec

Vigo, a data da sinatura dixital

O enxeñeiro de camiños, canais e portos
Jerónimo Centrón Castaños

O enxeñeiro de obras públicas
Julio Carrasco Rodríguez

